

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 1 DE FEBREIRO DE 2007.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Xosé María Rivera Arnosó.

**Asistentes:**

D. Xosé María Permuy Martínez.  
D. Andrés González Vizoso.  
D<sup>a</sup> Alicia Martínez González.  
D. Xosé Anxo González Tomé.  
D. Manuel V. Pico Sanmartín.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido.  
D. José Iván Puentes Rivera.  
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.  
D<sup>a</sup> Carmen Goti Ramil.  
D. Carlos García Bermúdez.  
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.  
D<sup>a</sup> Isabel Blanco Pico  
D<sup>a</sup> Elvira Amado López  
D<sup>a</sup> Amalia Malvar Fernández.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaoito horas e sete minutos do día un de febreiro de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Isabel Balnco Pico, Dona Elvira Amado López, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión Interventora municipal, Dona Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, secretaria do Concello, que da fe do acto.

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Águeda Bello Valdés.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DO 23 E 29 DE DECEMBRO DE 2006 E ORDINARIA DO 4 DE XANEIRO DE 2007.-**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinarias celebradas o 23 e 29 de decembro de 2006 e a da sesión ordinaria celebrada en data 4 de xaneiro de 2007, previamente remitidas coa convocatoria, e non formulándose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

**2º.- DENOMINACIÓN DE PRAZA NA PARROQUIA DE PERLIO QUE LIMITA COAS RÚAS MARQUÉS DE FIGUEROA, EDUARDO NEIRA E SAN SALVADOR.-**

Seguidamente dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 29 de Xaneiro de 2007 que transcrita di o seguinte:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo de data 17 de Novembro de 2006 que transcrito di:

**“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, ENSINO, DEPORTES, XUVENTUDE E TURISMO**

Na xuntanza extraordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo que tivo lugar o día 17 de novembro de 2006, dase conta do informe emitido polo xestor de actividades culturais, deportivas, educativas e de normalización lingüística e que transcrito literalmente di así:

«**SOLICITANTE:** Sr. Presidente da Comisión de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo.

**ANTECEDENTES**

- A construción de vivendas no solar que ocupaba o Cine Perla e a cesión ao dominio público dunha praza que limita á fronte coa Avenida Marqués de Figueroa e ás beiras coas rúas Eduardo Neira e San Salvador fai preciso proceder a fixar a denominación da citada praza.

**FUNDAMENTOS TÉCNICOS**

- A proposta do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Fene, baseada no traballo de investigación realizado polo profesor Henrique da Costa López, e que no seu apartado 4.2.a) relativo á nova toponimia (denominación de rúas) recomenda combinar os seguintes criterios:
  - Respetar, maiormente, o que supuñan lugares que xa tiñan unha entidade propia marcada por un nome.
  - Denominacións que sirvan de boa orientación do cidadán á hora de desenvolverse no medio establecendo nomes que respondan ao aspecto físico do lugar ou nomes por familias léxicas agrupadas na mesma zona.

**INFORME-PROPOSTA**

Dado que a citada praza se encontra nun lugar cunha entidade propia marcada por ocupar parte do solar no que estaba o cine Perla é polo que propoño someter á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta de resolución:

- Denominar como *PRAZA D'O PERLA* a praza pública na parroquia de Perlío que limita coas rúas Marqués de Figueroa, Eduardo Neira e San Salvador.

Ábrese o debate sen que se produzan intervencións ao respecto.

Rematado o debate, o Sr. Presidente da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo somete a votación o asunto e por seis votos a favor (D. Xosé A.

González Tomé, D<sup>a</sup> Rita Couto Seijido, D. Carlos García Bermúdez, D. José Iván Puentes Rivera, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e D.. Manuel Sánchez Martínez) e sen ningún voto en contra a Comisión ditamina:

- Someter á consideración do Concello Pleno denominar como *PRAZA D'O PERLA* a praza pública na parroquia de Perlío que limita coas rúas Marqués de Figueroa, Eduardo Neira e San Salvador.”

Proponse ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo: Denominar como PRAZA D'O PERLA á praza pública na parroquia de Perlío que limita coas rúas Marqués de Figueroa, Eduardo Neira e San Salvador.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada por unanimidade a proposta da Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2007 anteriormente transcrita.

### **3º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES.-**

A continuación dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 29 de Xaneiro de 2007 que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo de data 17 de Novembro de 2006 que transcrito di:

#### **“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, ENSINO, DEPORTES, XUVENTUDE E TURISMO**

Na xuntanza extraordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo que tivo lugar o día 11 de outubro de 2006, dase conta da proposta de nomeamento dos representantes municipais nos Consellos escolares do IES de Fene e do CIFP de Fene que presenta o Presidente da Comisión Informativa D. Xosé Anxo González Tomé, que transcribo literalmente

“Proposta de nomeamento de representantes municipais nos Consellos escolares”

<b>Consello Escolar</b>	<b>Representante municipal</b>
CPI A Xunqueira	D. Manuel Sánchez Martínez
CEIP de Centieiras	D. Xosé A. González Tomé
CEIP de Sillobre	D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Pilar Fornos Corral
CEIP O Ramo	D. Andrés González Vizoso
IES de Fene	D <sup>a</sup> Rita Couto Seijido
CIFP de Fene	D. José Iván Puentes Rivera
CEIP Os Casais	D. Carlos García Bermúdez”

Ábrese o debate sen que se produzan intervencións ao respecto.

Rematado o debate, o Sr. Presidente da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo somete a votación o asunto e por seis votos a favor (D. Xosé A. González Tomé, D. Andrés González Vizoso, D. Carlos García Bermúdez, D. José Iván Puentes Rivera, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e D.. Manuel Sánchez Martínez) e sen ningún voto en contra a Comisión ditamina.

- Someter á consideración do Concello Pleno o nomeamento dos representantes municipais que se relacionan de seguido nos consellos escolares dos centros de ensino público:

<b>“Consello Escolar</b>	<b>Representante municipal</b>
CPI A Xunqueira	D. Manuel Sánchez Martínez
CEIP de Centieiras	D. Xosé A. González Tomé
CEIP de Sillobre	D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Pilar Fornos Corral
CEIP O Ramo	D. Andrés González Vizoso
IES de Fene	D <sup>a</sup> Rita Couto Seijido
CIFP de Fene	D. José Iván Puentes Rivera
CEIP Os Casais	D. Carlos García Bermúdez”

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: nomear aos representantes municipais que se relacionan de seguido nos consellos escolares dos centros de ensino público:

<b>“Consello Escolar</b>	<b>Representante municipal</b>
CPI A Xunqueira	D. Manuel Sánchez Martínez
CEIP de Centieiras	D. Xosé A. González Tomé
CEIP de Sillobre	D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Pilar Fornos Corral
CEIP O Ramo	D. Andrés González Vizoso
IES de Fene	D <sup>a</sup> Rita Couto Seijido
CIFP de Fene	D. José Iván Puentes Rivera
CEIP Os Casais	D. Carlos García Bermúdez”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que sobre a proposta que ven da comisión de Facenda, dende o grupo socialista queren facer unha modificación, que é que nesa proposta designábase como representante do Concello de Fene no Consello Escolar do Instituto de Bacharelato a Rita Couto Seijido como Concelleira e membro do grupo do BNG, e no Consello Social que se vai crear no Instituto de FP designábase a él como Concelleiro e membro do grupo socialista, e a proposta que fan, tendo en conta que xa viña exercendo a representación municipal do Consello Escolar no IES de Fene, e dado que quedan catro meses para que remate a lexislatura e cesen nas súas funcións nese ámbito, era manterse a representación no Consello Escolar do Instituto a él e que Rita Couto Seijido fose para o Consello Escolar de FP.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permy Martínez, quen unha vez concedido manifesta que non hai ningún problema coa modificación que se propón.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta de modificación formulada polo Sr. Puentes Rivera e que consiste en nomear como representantes municipais no CIPFP de Fene a Dona Rita Couto Seijido e no IES de Fene a Don Iván Puentes Rivera, sendo aprobada por unanimidade.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2007 coas modificacións que resultan da enmenda aprobada, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2007 coas modificacións que resultan da enmenda aprobada.

**4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN CO REAL DECRETO QUE REGULA O SISTEMA DE XESTIÓN DE COTA LÁCTEA E QUE AFECTA AO PLAN LÁCTEO DE 2006.-**

A continuación dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil de data 29 de Xaneiro de 2007 que transcrito di:

“PUNTO ÚNICO.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN CO REAL DECRETO QUE REGULA O SISTEMA DE XESTIÓN DE COTA LÁCTEA E QUE AFECTA Ó PLAN LÁCTEO DO 2006.-

Seguidamente dáse conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de data xaneiro de 2007 (entrada o 18 de xaneiro de 2007, número 496) que transcrita di:

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, presenta diante do Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, en relación co Real Decreto que regula o sistema de xestión de cota láctea e que afecta ó Plan Lácteo do 2006, en base ós motivos e consideracións recollidos na seguinte

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Plan do 2005 foi un bo plan para os gandeiros galegos que permitiu que arredor dunhas 7.000 explotacións familiares galegas recibiran máis de 160.000 toneladas, o que equivale, aproximadamente, ó 60% da cota total repartida. Sen embargo, tivo que ser o Partido Socialista, en solitario, o único que o defendera.

Agora, o Partido Popular di en Galicia –non no resto do Estado- que o Plan do 2006 é prexudicial para Galicia. Tamén o dixo no 2005 e agora, coñecidos os resultados os gandeiros galegos saben que faltou á verdade.

Resulta preciso afirmar e recoñecer que se o Goberno Galego tivese a posibilidade de facer este plan, seguro que este non sería o plan aprobado. Pero se esa mesma posibilidade a tiveran tamén Asturias, Cantabria, Cataluña, andalucía,... estamos convencidos de que tampouco farían o plan aprobado. Non nos cabe a menor dúbida de que cada comunidade autónoma concibiría e faría un plan pensando única e exclusivamente nos seus gandeiros, no seu sector lácteo e nos seus intereses.

Así mesmo, é necesario recoñecer que a situación actual do sector lácteo é distinta da do 2005 debido a que:

- Entrou en vigor o pago único, en consecuencia a cota que se asigne, procedente deste plan, xa non levará as axudas para compensar a caída de prezos, Cómprase ou asígnase papel ou dereitos de produción, pero agora xa sen axudas.

- Está aberto o debate sobre a continuidade ou non das cotas no seo da Unión Europea, situación que crea dúbidas importantes nos produtores sobre se lles compensa investir en cota ou non e, polo tanto, tamén vai afectar ós resultados do propio plan.
- Existía un laestar xeral no resto de comunidades polos resultados do reparto propiciado polo plan do 2005. Case que podemos afirmar que a máxima era: todos contra Galicia.

Tampouco se pode esquecer que o Ministerio de Agricultura mantivo conversas coas comunidades Autónomas e elaborou un borrador que foi aceptado pola inmensa maioría delas, pero que non foi compartido por Galicia que, dende o principio, esixiu a introducción de modificacións no mesmo.

O proceso de negociación foi longo e difícil, prolongándose dende o mes de marzo ata decembro, o que reflexa a firmeza mantida polo goberno da Xunta. Neste proceso de diálogo conseguíuse que:

- 20% da reserva nacional se reparta gratuitamente con criterios únicos en todo o territorio do Estado, sustentados en prioridades e e criterios socioeconómicos, primando as explotacións familiares, a xente moza incorporada á produción de leite e a realización de plans de mellora.
- A cota procedente do 80% dos programas de abandono que non sexa asignada ós gandeiros prioritarios de cada comunidade autónoma, pase a asignarse de acordo co establecido para a asignación gratuíta (Isto ten a súa importancia debido a que a cota virá sen axudas e, ademais, hai dúbidas sobre a continuidade do sistema de cotas, aspectos que farán dubidar a moitos produtores á hora de facer unha inversión en cota).
- Se contemple a posibilidade de revisión do marco normativo actual en futuras convocatorias (o que permite no futuro, en función dos resultados do plan, revisar a normativa e introducir modificacións na mesma).

Ademais tivéronse en conta outros temas defendidos dende Galicia como:

- A consideración de criterios sociais, concretamente o volume de cota da explotación, para a distribución da reserva estatal (establecendo que só poderán recibir cantidades da reserva aquelas explotacións que non superen un determinado nivel de cota).
- A fixación de topes para a asignación de cota a cada explotación, tanto no que se refire á porcentaxe xestionada por cada Comunidade Autónoma como á reserva estatal.
- Non reabrir as transferencias de cota entre particulares para evitar a especulación.
- O compromiso orzamentario da Administración Central para a compra de cota destinada á reserva estatal para a súa asignación gratuíta.
- A fixación dun prezo razoable para a compra de cota, 0,27 euros (no ano pasado foi de 0,50 euros; aínda que levaba as axudas).
- A aceptación de solicitudes de abandono parcial.

Pero, a pesares do Conseguido nas negociacións, este non é o Plan que lle gustaría o Goberno de Galicia, entre outras, polas seguintes razóns: polo tipo de explotación, familiar, que caracteriza o sector produtor galego; porque as explotacións galegas, debido a que as cantidades de referencia que teñen asignadas están por debaixo da cota media española, precisan seguir medrando para competir mellor; e tamén porque na produción de leite somos a comunidade máis dinámica e a que ostenta a máis clara vocación productiva.

Polo que,

O Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte ACORDO:

1. Solicitar do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que no reparto do 20% de cota gratuíta se compensen os posibles efectos distorsionadores derivados da asignación da cota adquirida, previo pago, polos produtores da comunidade autónoma na que se abandonou.
2. Instar e apoiar ó presidente da Xunta de Galicia e ó Conselleiro do Medio Rural para que:
  - 2.1. Sigam a defender os intereses do sector lácteo galego na asignación do 20% da cota gratuíta e daquela que non sexa adquirida por produtores da propia comunidade autónoma na que se abandonou.
  - 2.2. No caso de que o balance final do plan fose negativo para as explotacións de Galicia, solicite e esixa a introducción das modificacións oportunas na normativa que regulou o plan actual.
3. Dar traslado deste acordo á Ministra de Agricultura Pesca e Alimentación, ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Conselleiro do Medio Rural.”

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate, e sometida a moción pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil, por dous votos a favor: (dos/as señores/as Puentes Rivera e Goti Ramil), catro abstencións: (dos/as señores/as: Rivera Arnos, González Tomé Martínez Gonzáles e Sánchez Martínez), e un en contra: (da Sra. Blanco Pico), acorda ditaminar favorablemente a Moción transcrita e propoñer ao Pleno da Corporación a súa aprobación.”

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que o sentido da moción é o seguinte, que en Fene repercusión directa non ten porque o sector gandeiro e a explotación leiteira non é cando menos unha das actividades principais do Concello, pero si que é verdade que dende o punto de vista da economía do país e da Comunidade autónoma de Galicia este tema ten moita repercusión, e o Concello de Fene, como integrante da comunidade autónoma tamén ten algo que dicir ao respecto. Continúa o Sr. Puentes Rivera a súa intervención e manifesta que resumida e brevemente, o sentido desta moción é que no ano 2006 chégase a un acordo para o reparto da cota láctea a nivel estatal, polo cal a Galicia se lle asigna o 60% desa cota, é dicir, unha parte substancial, a maior parte da cota de todo o estado, un acordo que foi histórico para os gandeiros galegos e realmente foi moi ben recibido polas asociacións agrarias; di que neste ano, cando se inicia a negociación do novo acordo para o plan lácteo do 2007 non se pode acadar loxicamente o 60%, posto que o resto do estado tamén reclama unha maior cota dentro desta cota láctea, aparte de pactar un sistema de cotas como os demais anos inferior ao 60% do ano anterior, o que se fai dende o Ministerio de Agricultura é aprobar unha medida que eles consideran interesante e beneficiosa para Galicia que é a seguinte: da cota que os produtores abandonan ou queren libremente deixar de utilizar ou queren vender en cada comunidade autónoma, o 80% desa cota liberada por un produtor que a ten asignada, destínase ao mercado, á compra venda como se viña facendo ate agora cos produtores, pero un 20% desa cota liberada a asume o Ministerio de Agricultura para destinala ao banco nacional de cota láctea, e esa cota que se vaia creando nese banco nacional, o Ministerio de Agricultura a distribúe gratuitamente a produtores do conxunto do Estado, pero tendo en conta unha

prioridade, que ademais foi reclamada pola Xunta de Galicia e así foi incorporado ao Plan Lácteo, tendo en conta a seguinte prioridade que é que esa cota gratuíta se lle asigna prioritariamente ás explotacións gandeiras familiares, non ás industriais e tamén se vai destinar ás explotacións gandeiras que estean rexentadas por mozos e mozas; que en definitiva, Galicia, a peculiaridade fundamental que ten é que a maioría das súas explotacións son familiares e non industriais, e tamén o novo goberno de Galicia e, concretamente, a Consellería do Medio Rural, entre as iniciativas e os obxectivos que se plantexou ao inicio do mandato foi precisamente a renovación xeracional tamén no mundo do campo e que os xoves se implicaran no traballo agrícola e gandeiro; dii que, polo tanto, esta medida de darlle preferentemente esta cota láctea gratuíta ademais ás explotacións familiares e ás explotacións rexentadas por xente moza, beneficia notablemente a Galicia fronte ao resto de Comunidades autónomas; que o que se pide nesta moción é instar ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro do Medio Rural e tamén ao Ministerio de Agricultura a que no reparto dese 20% de cota láctea, Galicia teña un trato preferencial e se compense ese non chegar ao 60% que tivo o ano pasado, co reparto dese 20% de tal forma que as explotacións gandeiras de Galicia non saian perdendo pola aplicación deste novo plan lácteo.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que cren que a moción non ten maior razón de ser, porque dende o principio está admitindo que a negociación que se fixo coa Comunidade Económica Europea é desvantaxosa para os gandeiros, como así o demostra as protestas que fixeron no seu día os sectores agrícolas, e entenden que o que si que se lle debía pedir ao goberno central é que defendera cun pouco mais de interese a esta comunidade; que cando a Xunta estivo gobernada polo Partido Popular, si se conseguiron uns acordos vantaxosos e rendibles para a Comunidade autónoma e de feito o demostra o crecemento que se obtivo nas actividades gandeiras de Galicia. Continúa a Sra. Blanco Pico a súa intervención dicindo que a día de hoxe a Comunidade autónoma está por debaixo das comunidades autónomas en temas tan importantes como pode ser que en Galicia, a unha explotación gandeira non se lle recoñece o dereito aos traballadores, se unha explotación gandeira ten traballadores non ten dereito ao reparto da cota láctea como pode ter calquera outra explotación gandeira do resto do país e que isto impide que os mozos gandeiros e agricultores que están empezando unha actividade como industria, non lles significa nada o poder ter empregados porque non lle vai servir iso de crecemento, só pode ir ao tema de cooperativas ou de socios como pode ser o matrimonio porque se conta só así; di que a Galicia se lle quite o 20% da cota que é abandonada en reparto do resto das comunidades autónomas é que cada comunidade autónoma ten a súa forma de desevelopmento e a súa forma de explotación e de saír adiante, en Galicia, polo clima que hai, as explotacións gandeiras están crecendo, e isto impedirá en anos poder competir no mesmo sentido que o resto das comunidades porque ten unha cota vetada que non vai permitir desenvolver segundo a demanda que teñan os gandeiros que son os que realmente teñen que sacar adiante as súas explotacións. Continúa dicindo que por outro lado, ao non poder acceder a un mercado libre de cota, que sexa o Goberno quen decida se pode adquirir esa cota ou non iso vai en contra da legalidade, se alguén ten expectativas de crecemento, non pode unha lei impedir que creza e se outros non teñen expectativas de crecemento, consideran que están ben como están coa produción que teñen, por qué os teñen que obrigar a adquirir máis cota láctea. Remata a súa intervención a Sra. Blanco Pico dicindo que crendo que isto se fixo mal dende un principio e que a situación á que lles levan non ten emenda, non ten maior solución, non van votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que débese recordar que nisto hai unha serie de normas que están por enriba das directrices que toma tanto a Comunidade Galega como o Goberno español que é a política agraria común que marca a Comunidade Económica Europea, que se entrou cunha situación



precaria, de todos coñecida e todos saben que España tiña máis cota tanto naquel momento como se concedeu e quedou sempre por baixo das necesidades que tiña, que a política da CEE se caracterizou e segue caracterizándose por unha descarada axuda aos grandes produtores e un trato moi precario para os pequenos, no caso de España tanto no caso da leite como de calquera outro produto subvencionado, que son catro os que levan as subvencións. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que nisto ven que os países agrícolas, que son os que están a recibir grandes cantidades, non están por facer unha reforma profunda onde os beneficiados sexan os pequenos, que ven que este debate que está aberto, que é de grande calado, e que como ben di a moción a continuación das axudas non hai dúbida que se van modificar e desgraciadamente ven ou temen que vai ser en perxuízo dos pequenos produtores e que analizando a proposta do PSOE, ten algunhas cousas que lles gustan e outras que ven que non se van cumprir e non ven un futuro moi axeitado cos grandes cambios que se avexían, e recoñecendo que a moción que presenta o PSOE ten cousas positivas pero outras que non a súa postura vai ser a abstención.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que quere dicir ao partido socialista que non estivo só no 2005 xa que dende aquela o plan do 2005 foi considerado, polos nacionalistas crían que era importantísimo porque se fixo un reparto de cotas con criterios localizados e non con criterios sociais como estase a facer agora, tamén hai que ter en conta que daquela falouse que non era a mellor solución pero si que recoñeceron que era un gran avance sobre o que había estado implantado durante anos e que ademáis, naquel momento chegou con moito atraso, pero cren que o plan do 2005 foi bo para Galicia, que xerou o descontento, pero tamén é certo que no borrador do plan do 2006 automaticamente se abandonan os criterios que rexían no 2005 e parece como se fora feito para que Galicia non puidera medrar. Continúa a súa intervención o Sr. Permuy Martínez e di que é certo que dende que saíu este plan, a Xunta de Galicia e concretamente a Consellería de Medio Rural fixeron un grande esforzo, puxeron enriba da mesa unha serie de alegacións, que unha gran maioría delas foron aprobadas, e a verdade é que se modificou substancialmente o plan dende o seu inicio á redacción final; di que tamén é certo que aínda que o plan vaia perxudicar ou non vaia a mellorar a Galicia como xa pasou no 2005, tamén é certo que séguese tendo unha grande capacidade de produción mentres que outras autonomías están demostrando e estase a ver que de ano en ano van a unha grande capacidade de abandono do sector, polo tanto, lembrando as palabras do compañeiro Suárez Canal que vai facer un seguemento exhaustivo da aplicación do Plan da cota láctea para o 2006 e con respecto ao Estado e facendo un fincapé no seguemento que van facer para aproveitamento da cota no campo galego, eles van votar a favor desta moción.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil de data 29 de Xaneiro de 2007 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as señores/as Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, García Bermúdez, Goti Ramil, Yáñez Fernández, Rivera Arnos, Permuy Martínez, González Vizoso, Martínez González, Couto Seijido, Pico Sanmartín e González Tomé.

Votos en contra: catro (4), das señoras Blanco Pico, Malvar Fernández, Corral Fornos, Amado López.

Abstencións: unha (1), do señor Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de data 1 de Febreiro de 2007 anteriormente transcrita.

**5º.- DACION DE CONTA DO ESCRITO DA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-**

Dáse conta do escrito presentado pola voceira do Grupo Político do Partido Popular de data 25 de xaneiro de 2007 (rexistro de entrada núm. 765) que transcrito di:

“DONA MARIA ISABEL BLANCO PICO, Voceiro Municipal do Partido Popular no concello de Fene.

EXPON:

Que por parte do Partido Popular a partir da data a designación nas COMISIÓNS INFORMATIVAS é a seguinte:

**ORGANIGRAMA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, VIVENDA E INDUSTRIA:**

Polo PP.: M<sup>a</sup> ISABEL BLANCO PICO.  
Suplente: PILAR FORNOS CORRAL.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS, MANTEMENTO E MEDIO AMBIENTE:**

Polo PP.: M<sup>a</sup> ELVIRA AMADO LÓPEZ.  
Suplente: AMALIA MALVAR FERNÁNDEZ.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL.**

Polo PP.: M<sup>a</sup> ISABEL BLANCO PICO.  
Suplente: M<sup>a</sup> ELVIRA AMADO LÓPEZ.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PROGRAMACIÓN, ESTATÍSTICA E PATRIMONIO:**

Polo PP.: M<sup>a</sup> ISABEL BLANCO PICO.  
Suplente: AMALIA MALVAR FERNÁNDEZ.

**COMISIÓN DE CULTURA, ENSINO, DEPORTES, XUVENTUDE E TURISMO:**

Polo PP.: PILAR FORNOS CORRAL.  
Suplente: M<sup>a</sup> ISABEL BLANCO PICO.

**COMISIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE, MULLER E CONSUMO:**

Polo PP.: AMALIA MALVAR FERNÁNDEZ.  
Suplente: PILAR FORNOS CORRAL.

**COMISIÓN ESPECIAL DE FORMACIÓN OCUPACIONAL, EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA:**

Polo PP.: PILAR FORNOS CORRAL  
Suplente: AMALIA MALVAR FERNÁNDEZ.

**COMISIÓN XESTORA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA:**

Polo PP.: AMALIA MALVAR FERNÁNDEZ  
Mª ISABEL BLANCO PICO  
Suplente: PILAR FORNOS CORRAL.  
ELVIRA AMADO LÓPEZ.

**MESA DE CONTRATACIÓN:**

Polo PP.: Mª ISABEL BLANCO PICO.  
Suplente: PILAR FORNOS CORRAL.

**CONSELLO DA EMISORA MUNICIPAL:**

Polo PP.: ALEJANDRO DOPICO RODRÍGUEZ.  
Suplente: Mª ISABEL BLANCO PICO.

**COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS:**

Polo PP.: Mª ISABEL BLANCO PICO.  
Suplente: AMALIA MALVAR FERNÁNDEZ.”

**6º.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR SOBRE NOMEAMENTO DE VOCEIROS SUPLENTE DO P.P..-**

Dáse conta do escrito presentado pola Voceira do Grupo Político do Partido Popular de data 29 de xaneiro de 2007 (rexistro entrada núm. 824) que transcrito di:

DONA MARIA ISABEL BLANCO PICO, Voceira Municipal do Partido Popular no Concello de Fene.

Comunicálle que a partir da data nomeanse voceiros suplentes do PP a:

Dona Amalia Malvar Fernández.  
Dona Pilar Fornos Cocrral.

**7º.- ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ.-**

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Policía, Tráfico e Protección Civil de data 30 de Xuño de 2006 que transcrito di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL, TRAFICO E PROTECCIÓN CIVIL

Dáse conta da proposta da Alcaldía que transcrito di:

“PROPOSTA

Por Resolución da Alcaldía de data 19 de abril de 2006 acordouse iniciar o procedemento para elixir ao titular do Xulgado de Paz deste Concello, acordar a apertura dun prazo de quince días hábiles contados a partir do seguintes ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que as persoas interesadas e que reúnan as condicións legais o soliciten.

No prazo de presentación de solicitudes, presentáronse as seguintes:

- Don Manuel Vigo López (entrada 22.05.06, nº rexistro 3226).
- Dona Lucía Pérez Martínez ( entrada 26.05.06, nº rexistro 3369)
- Don Óscar Navas Aranda (entrada 01.06.06, nº rexistro 3516)

Considerando que sendo todas as persoas que presentaron a súa solicitude respectables e dignas da máxima consideración, é certo Don Manuel Vigo López considérase máis idóneo, entre outras razóns, pola experiencia que se deriva de vir exercendo dito cargo durante anos

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Elixir a Don Manuel Vigo López, como Xuíz de Paz titular de Fene, propoñendo o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ábrese o debate (.../...)

Rematado o debate, e sometido polo Sr. Presidente o asunto a votación ordinaria por maioría de catro votos a favor (3 do BNG e 1 de EU-IU), un en contra (1 do PSOE) e unha abstención (1 do PP) acordase ditaminar favorablemente a proposta.”

Dáse conta igualmente do Informe de Secretaría de data 29 de Xaneiro de 2007.

Polo Sr. Alcalde-Presidente manfiestase que por D. Manuel Vigo López en data 31 de Xaneiro de 2007 (rexistro entrada núm. 928) presentouse documentación que subsana a solicitude presentada.

Seguidamente intervén a Sra. Blanco Pico e manifesta que desexa formular unha emenda ao ditame da Comisión informativa e entregándoselle ao Sr. Alcalde o texto da mesma.

Dita emenda transcrita di:

“EMENDA AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL, TRÁFICO E PROTECCIÓN CIVIL DE DATA 30 DE XUÑO DE 2006.

María Isabel Blanco Pico, Voceira do Grupo municipal do Partido Popular, considerando en relación ao ditame da Comisión informativa de organización, Persoal, tráfico e protección civil de data 30 de xuño de 2006, relativo á elección de xuíz de paz titular que, aínda que todas persoas que presentaron a súa solicitude son respectables e dignas da máxima consideración, dos curriculum presentados polos/as aspirantes, o de Dona Lucía Pérez Martínez pon de manifesto unha maior idoneidade para o desenvolvemento do cargo dada a súa condición de licenciada en dereito, de conformidade có disposto no artigo 97 do Real

decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL, TRÁFICO E PROTECCIÓN CIVIL DE DATA 30 DE XUÑO DE 2006.

Na parte expositiva, onde di:

“Considerando que sendo todas as persoas que presentaron a súa solicitude respectables e dignas da máxima consideración, é certo Don Manuel Vigo López considérase máis idóneo, entre outras razóns, pola experiencia que se deriva de vir exercendo dito cargo durante anos”.

Propónse a súa modificación, coa seguinte redacción:

“Considerando que sendo todas as persoas que presentaron a súa solicitude respectables e dignas da máxima consideración, é certo que Dona Lucía Pérez Martínez considérase máis idónea, entre outras razóns, por ser licenciada en dereito.”

E o apartado primeiro da parte dispositiva, onde dí:

“Primeiro.- Elixir a Don Manuel Vigo López, como Xuíz de Paz titular de Fene, propoñendo o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

Modifícalo, quedando mesmo coa seguinte redacción:

“Primeiro.- Elixir a Dona Lucía Pérez Martínez, como Xuíz de Paz titular de Fene, propoñendo o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

Quedando, polo tanto o ditame coas modificacións propostas redactado como segue:

“Por Resolución da Alcaldía de data 19 de abril de 2006 acordouse iniciar o procedemento para elixir ao titular do Xulgado de Paz deste Concello, acordar a apertura dun prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que as persoas interesadas e que reúnan as condicións legais o soliciten.

No prazo de presentación de solicitudes, presentáronse as seguintes:

- Don Manuel Vigo López (entrada 22.05.06, nº rexistro 3226).
- Dona Lucía Pérez Martínez (entrada 26.05.06, nº rexistro 3369).
- Don Oscar Navas Aranda (entrada 01.06.06, nº rexistro 3516)

Considerando que sendo todas as persoas que presentaron a súa solicitude respectables e dignas da máxima consideración, é certo que Dona Lucía Pérez Martínez considérase máis idónea, entre outras razóns, por ser licenciada en dereito.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO.

Primeiro.- elixir a Dona Lucía Pérez Martínez, como Xuíz de Paz titular de Fene, propoñendo o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- remitir certificación do presente acordo á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”.

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que por parte do BNG seguen mantendo o que é a súa proposta de poñer a D. Manuel Vigo López como Xuíz de Paz, e que ademáis quere dicir varias cousas; di que é certo que ao mellor a outra persoa ten mais estudos ou titulacións, pero que estase a falar do Xuíz de Paz de Fene ,que o que mais se prima é unha persoa que teña unhas características moi determinadas, que esté traballando a prol dos veciños, cunha visión global do Concello e que ademáis este señor leva catro anos traballando no xulgado e non ten ningunha desavenencia con ningún veciño do Concello; di que é certo que da outra vez se fixera esta mesma proposta e que saíra cos votos única e exclusivamente do BNG e de EU, e ven agora ao Pleno porque dende a Consellería de Xustiza demandaron que a resolución tiña que ser por maioría absoluta e, polo tanto, a súa proposta segue sendo a de propoñer a D. Manuel Vigo como Xuíz de Paz.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que quere aclarar que na sesión plenaria do mes de xullo, que foi cando se levou a pleno a designación de xuíz de paz, daquela, o Grupo Socialista abstivérase no Pleno e saíra proposto D. Manuel Vigo López cos votos a favor do BNG e de EU; que, ao parecer, hai que adoptar o acordo por maioría absoluta, e despois de debatelos no seo do grupo socialista, a postura que van manter é a de votar a favor de D. Manuel Vigo López, simplemente porque é un Xuíz de Paz que tivo Fene nos últimos anos, porque non hai absolutamente ningún problema contrastado sobre esta persoa e porque á marxe da titulación ou non que cada quen teña, meritoria para o seu currículo, a figura do Xuíz de Paz precisamente está pensada constitucional e legalmente en España para introducir a persoas dunha certa referencia, dunha certa transcendencia, persoas moitas veces alleas a dereito a estas funcións en beneficio da comunidade; que a razón fundamental é esa, que o grupo socialista está totalmente satisfeito coa labor que esta persoa ven desempeñando nos últimos quince anos como Xuíz de Paz de Fene e que non atopan absolutamente ningunha razón para substituílo no seu cargo e polo tanto van votar a favor da designación de D. Manuel Vigo López.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que dende EU non van cambiar a postura, que naquel momento votaron por este Señor; di que para eles as dúas persoas parécenlle idóneas, que non hai dúbida de que a Sra. Lucia é Licenciada en Dereito, e o Sr. Vigo é Graduado Social e o que naquel momento o que lles animou á hora de decidir foi que o Sr. Vigo leva varios anos exercendo ese traballo, ten unha gran experiencia, e tamén comprobaron que mantén moi boas relacións co persoal que alí está a traballar; que ao longo destes anos, como xa se dixo, non houbo ningunha queixa del, e polo tanto, se nos anos que leva non hai queixas, non hai dúbida que o traballo o realizou ben, e tamén ven que este posto necesita bastante dedicación e sobre todo se se une co salario que estas persoas teñen, que é simbólico, que saben que este home vai seguir e se ven outra persoa ao mellor bota menos tempo, e en definitiva esas son as cousas polas que seguen manténdose na mesma posición.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sómese a votación ordinaria a emenda presentada pola voceira do grupo Municipal do Partido Popular ao ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil de data 30 de Xuño de 2006, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catro (4) dos/as señores/as Blanco Pico, Malvar Fernández, Fornos Corral e Amado López.

Votos en contra: trece (13), dos/as señores/as Rivera Arnos, González Vizoso, Permuy Martínez, Pico Sanmartín, González Tomé, Martínez González, Couto Seijido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez, Yáñez Fernández e Sánchez Martínez.

Abstencións: Ningunha.

Seguidamente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil de data 30 de Xuño de 2006, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as señores/as Rivera Arnos, González Vizoso, Permuy Martínez, Pico Sanmartín, González Tomé, Martínez González, Couto Seijido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez, Yáñez Fernández e Sánchez Martínez.

Vostos en contra: catro (4) dos/as señores/as Blanco Pico, Malvar Fernández, Fornos Corral e Amado López.

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado por maioría absoluta o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal, Tráfico e Protección Civil de data 30 de Xuño de 2006 anteriormente transcrito.

#### **8º.- MOCIÓN URXENTES.**

De seguido, intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que ten unha moción con carácter de urxencia que quere se trate neste Pleno.

A continuación, pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen unha vez concedido manifesta que hai unha moción introducida por parte da Alcaldía que piden a súa aprobación de urxencia, que se trata das bases do premio Curuxa que está dotado con 1.862 euros e como é unha contía económica teñen que vir a aprobación as bases a pleno e ademais está sen aprobar a ordenanza xeral de subvencións e isto estaba previsto para o mes de abril e para axilizar métese pola vía de urxencia.

A continuación, de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia, sendo aprobada por unanimidade.

Seguidamente dáse conta da Moción da Alcaldía de data 1 de Febreiro de 2007, que transcrita literalmente, di:

#### **“MOCIÓN RELATIVA ÁS BASES DOS PREMIOS “CURUXA 2006- 2007”**

Don Xosé María Rivera Arnos, Alcalde-Presidente do Concello de Fene (A Coruña), presenta ao Pleno da Corporación a presente moción relativa aos premios Curuxa 2006-2007.

A urxencia da presente moción ven motivada pola necesidade de acecerar á tramitación das bases do premio , dado que o fallo do xurado, de acordo có disposto nas mesmas

daráse a coñecer con antelación á celebración das Xornadas do Humor, que terán lugar os días 20 e 21 de abril de 2007, polo que a demora do seu estudio ata a próxima sesión implicaría a imposibilidade de fallar o premio con anterioridade a dita data.

Polo exposto e

Vistas a bases do premio Curuxa 2006-2007.

Visto o informe de Intervención de data 1 de febreiro de 2007.

**PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

Primeiro.-Aprobar inicialmente as bases dos Premios do humor Curuxa 2006-2007 que se transcriben como Anexo .

Segundo.- Expoñer ao público as mesmas mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboeiro de anuncios do Concello por un prazo de trinta días para que poidan presentarse reclamacións e suxerencias que deberán ser resoltas pola Corporación. De non producirse éstas, as bases consideraránse definitivamente aprobadas.

Terceiro.- Aproba-lo gasto por importe de 1862,5 euros con cargo á partida 451.48200 do orzamento prorrogado para o 2007.

#### ANEXO

#### BASES PREMIOS DO HUMOR "CURUXA 2006-2007"

O Concello de Fene convoca os premios do humor "Curuxa 2006-2007" que se rexerá polas seguintes

#### BASES

#### **1.- CURUXA GRÁFICA( DEBUXO)**

1.1.Poderán optar ao premio tódolos/as interesados, calquera que sexa a súa nacionalidade e cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

1.2.- O tema dos debuxos será libre

1.3.- Só se aceptará un debuxo por autor/a e terá que ser inédito. O autor achegará un escrito asinado no que declare este extremo .

1.4.- Poderá usarse calquera técnica, branco e mouro ou cor, unha ou varias viñetas, pero sempre que estean feitos en cartolina e cunhas dimensións mínimas de 21x30 cms e máximas de 42x60 cms. Terán que ser orixinais, polo que non se admitirán fotocopias, copias dixitais, gravados nin fotocopias de debuxos.

Os traballos presentados a concurso hánse expoñer logo do fallo nas salas do Museo do Humor.

O xurado pode facer unha selección dos traballos a expoñer.

1.5.- Os traballos deberán entregarse ou enviarse por correo certificado antes das 12:00 horas do día 20 de marzo de 2007 ao seguinte enderezo:

Museo do Humor- Concello de Fene  
" Premios Curuxa"  
Avda. de Conces, 20-22  
15500 Fene (A CORUÑA)

Os traballos hánse entregar indicando dentro do sobre que os conteña, en folla aparte asinada polo interesado/a os seguintes datos:



- nome e apelidos do autor/a
- nacionalidade
- enderezo
- teléfono de contacto
- breve curricula
- fotografía do autor
- enderezo de correo electrónico .

Déberáse achegar, asimesmo ,fotocopia do D.N.I. ou do pasaporte e declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Os idiomas de relación será en tódolos casos o galego e castelán.

1.6.- Os traballos aceptados a concurso pasarán a formar parte dos fondos do Museo do Humor, figurando unha selección deles nos seus locais, mostras itinerantes ou publicacións. O Museo comprométese a que sempre figure o nome do autor. As obras non premiadas devolveráanse sempre que no envío se solicite expresamente a súa devolución , se ben exclúense desta posibilidade os traballos que non se axusten ás bases.

A devolución a que fai referencia o apartado anterior efectuaráse, no seu caso, durante o mes de novembro de 2007.

1.7.- Haberá un único premio que consistirá en 1.502,5 euros e a entrega da Curuxa do Humor (deseñada por Francisco Xosé Perez Porto e doada por Cerámicas do Castro) e o pagamento, no seu caso, da viaxe e estada en Fene de tres días para a persoa que resulte gañadora.

O xurado poderá declarar deserto o premio e proceder á concesión de diferentes mencións. Neste caso a contía das mencións será o resultado de dividir o importe do premio entre o número de mencións outorgadas, non podendo exceder en ningún caso a cantidade de 511 euros.

## **SEGUNDA .- CURUXA ÓS MEDIOS**

2.1- Premio sen dotación económica, consistente na entrega da Curuxa.

2.2.- Poderán optar ao premio os medios de comunicación, xornalistas ou escritores que teñan significado polo seu labor a prol do humor ou pola presenza da compoñente humorística na súa obra.

2.3.- As candidaturas para este premio poderá promovelas os membros do xurado, os propios interesados en optar ao mesmo e ás asociacións culturais. En tódolos casos débense presentar antes das 12:00 horas do día 20 de marzo de 2007.

Se é un medio de comunicación ou un xornalista quen opta ao mesmo , deberá presentar unha copia do espacio ou sección co que pretende concursar , un exemplar do xornal onde se publicou o debuxo, fotografía ou artigo, unha casete con indicación de data e medio en que se emitíu o programa , cinta de video ou DVD.

Nos restantes casos, os propoñentes deberán achegar coa proposta de candidatura un breve informe explicativo.

## **TERCEIRA.- CURUXA DE HONRA**

Premio sen dotación económica que consiste na entrega da Curuxa á persoa ou institución que, ao xuízo do Xurado, se caracterizase por toda unha traxectoria vital a prol do humor.

## **CUARTA.- CURUXA DE BARRO**

Se outorgará á persoa ou institución que se significase por defender valores ou protagonizar actuacións relevantes que , a xuízo do xurado, se quixeran ver desterradas.

#### **QUINTA.- CURUXA NOVA( DEBUXO)**

Ten como finalidade premiar o mellor traballo dos noveis galegos.

5.1.Poderán optar ao premio tódolos/as interesados/as que teñan como máximo 18 anos e nados ou residentes en Galicia.

5.2.- O tema dos debuxos será libre

5.3.- Só se aceptará un debuxo por autor/a e terá que ser inédito. . O autor achegará un escrito asinado no que declare este extremo .

5.4.- Poderá usarse calquera técnica, branco e mouro ou cor, unha ou varias viñetas, pero sempre que estean feitos en cartolina e cunhas dimensións mínimas de 21x30 cms e máximas de 42x60 cms. Terán que ser orixinais, polo que non se admitirán fotocopias, copias dixitais, gravados nin fotocopias de debuxos.

Os traballos presentados a concurso hánse expoñer logo do fallo nas salas do Museo do Humor.

O xurado pode facer unha selección dos traballos a expoñer.

5.5.- Os traballos deberán entregarse ou enviarse por correo certificado antes das 12:00 horas do día 20 de marzo de 2007 ao seguinte enderezo:

Museo do Humor- Concello de Fene

“ Premios Curuxa”

Avda. de Conces, 20-22

15500 Fene (A CORUÑA)

Os traballos hánse entregar indicando dentro do sobre que os conteña en folla aparte asinada polo/a interesado/a e, no caso dos menores de idade, tamén polos seus pais/nais ou titor os seguintes datos:

- nome e apelidos do autor/a
- Idade
- enderezo
- teléfono de contacto
- breve curricula
- fotografía do autor
- enderezo de correo electrónico .
- No caso de menores de idade, nome e apelidos do pai/nai ou titor. .

Deberá achegarse copia do D.N.I. ou pasaporte. Para o caso dos non nados en Galicia, deberá achegarse volante ou certificado de empadramento.

Nos casos de menores de idade, deberá achegarse copia do D.N.I. do pai/nai ou titor, Libro de Familia , así como autorización escrita destes para participar no concurso.

Os idiomas de relación será en tódolos casos o galego e castelán.

5.6.- Os traballos aceptados a concurso pasarán a formar parte dos fondos do Museo do Humor, figurando unha selección deles nos seus locais, mostras itinerantes ou publicacións. O Museo comprométese a que sempre figure o nome do autor. As obras non premiadas devolveránselle sempre que no envío se solicite expresamente a súa devolución , se ben exclúense desta posibilidade os traballos que non se axusten ás bases.

A devolución a que fai referencia o apartado anterior efectuaráse, no seu caso, durante o mes de novembro de 2007.

5.7.- Haberá un único premio que consistirá en 360 euros.

O xurado poderá declarar deserto o premio

#### **SEXTA.- XURADO**

6.1.- O xurado estará integrado por un membro da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo designado por dita comisión, o Director do museo do Humor e cinco membros mais designados pola Alcaldía entre destacados expertos a proposta do Director do Museo do humor.

6.2.- Os premios poderán declararse desertos se a xuízo do Xurado os traballos presentados non tivesen a calidade precisa.

6.3.- O fallo do xurado será inapelable e daráse a coñecer con antelación á celebración das Xornadas do Humor, que terán lugar os días 20 e 21 de abril de 2007. O fallo publicaráse no Taboeiro de anuncios do Concello.

**SÉTIMA.-** A participación no presente premio implica a íntegra aceptación das presentes bases.

En todo o non previstos nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que dende o grupo socialista levan dous anos na comisión de cultura reclamando sistematicamente que o formato dos premios Curuxa se modifique por varios motivos, porque entenden que o Museo do Humor, único na súa especie en España, teña que organizar uns premios que sirvan para difundir o propio museo do humor e para promocionar a imaxe do Concello de Fene e o propio Concello de Fene, iso o entenden, agora ben, un premio internacional como que se está a organizar implica que, por exemplo, hai dous anos houbo que traer ao premiado dende Brasil e iso supón uns gastos considerables para o Concello de Fene e que, baixo o seu punto de vista, a relación entre os gastos que se orixinan para o Concello e a repercusión e o beneficio que a organización deste premio lle reporta ao Concello non está xustificada; di que levan dous anos pedindo que se modifique e ao final o formato que se mantén é o mesmo, e tendo o máximo respecto para o Museo do Humor e para a propia Concellería de Cultura, a súa postura ten que ser a abstención, porque non van impedir que se celebre este certame pero si que lles gustaría que se modificasen as bases e como non é a primeira vez que o solicitan ,senón que levan dous anos pedíndoo e esperan que no futuro se faga, se van abster nesta moción.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que neste punto vanse abster por descoñecemento, porque se non poden analizar unha documentación e vela, o seu voto será abstención.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que eles neste punto vanse abster tamén.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a Moción, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos/as señores/as Rivera Arnosó, Permuy Martínez, González Vizoso, Martínez González, Couto Seijido, Pico Sanmartín e González Tomé.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) dos/as señores/as Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, García Bermúdez, Goti Ramil, Yáñez Fernández, Blanco Pico, Malvar Fernández, Corral Fornos, Amado López e Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a Moción da alcaldía de data 1 de Febreiro de 2007 transcrita anteriormente.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai unha moción con carácter de urxencia presentada polo Grupo Municipal do PP.

Dita moción, transcrita di:

“Sr. Alcalde, o Grupo Municipal do Partido Popular, de conformidade co establecido na lexislación vixente, presenta a seguinte moción urxente para o seu debate e aprobación polo Pleno do Concello, con base nas seguintes

#### RAZÓNS DE URXENCIA

O estaleiro vigués Barreras ten un plan, avalado pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e polo sector financeiro galego, consistente na adquisición de parte dos activos da antiga ASTANO para a fabricación de buques divís.

A actividade a desenvolver sería a construción de barcos de máis de 200 metros, convertendo o estaleiro de Fene nun complemento da actividade empresarial de Barreras.

Desgraciadamente a SEPI está a rexeitar o Plan, argumentando que o Goberno de España alcanzou un acordo coa Comisión Europea que suporía para a Planta de Fene-Perlio a prohibición de fabricar buques civís ata o ano 2015.

A Comisaria da Competencia Europa dixo que non hai unha “versión pública” de ningún texto que recolla o visto bo de Bruxelas á reestructuración dos estaleiros españois o 1 de xuño de 2005.

De non existir ningún factor limitante á construción naval civil sobre a antiga ASTANO, Galicia dende o ano 2005 estivo sendo perxudicada, discriminada, e esquecida inxustificadamente no eido naval polo Goberno de España, e o que é máis grave, pretende seguir con esta discriminación a pesares de existir unha solución viable.

Hoxe un diario publica a nova de que “o goberno di que hai un acordo segredo que impide facer barcos civís en Fene”. De ser certo supón un feito de extrema gravidade e suscrito a espaldas da sociedade galega.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular entende que o concello non pode permanecer ao marxe desta importante cuestión, polo que se propón o Pleno que tome o seguinte ACORDO:

**“Instar á Xunta de Galicia a que solicite da Comisión Europea o seu pronunciamento sobre si o Plan que o estaleiro vigués Barreras ten sobre o estaleiro da compañía pública NAVANTIA, S.A. radicado en Fene, contravén ou non algún tipo de acordo asumido polo Goberno de España e a Unión Europea”.**

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido, manifesta que quere xustificar o por qué non vai votar a favor da urxencia.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido, manifesta que as razóns de urxencia terán que dalas ellas, que son as que presentan a moción e que as razóns son os últimos acontecementos que estanse a dar no sector naval, que están vertendo informacións no sector público que contradín e fan un pouco de engano sobre a cidadanía e eles cren que é mais que urxente aclarar cal é a postura de Bruselas co Estaleiro de Fene e por iso presentan esta moción con carácter de urxencia, porque cren que non se pode esperar ao próximo Pleno para aclarar estes desacordos que hai entre o goberno da Xunta e o Goberno Central.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que como ía dicir antes, non lle sorprende porque as concelleiras do PP de roxas non teñen nada pero sorpréndelle que non se poñan roxas presentando unha moción deste tipo intentando facer electoralismo e política barata con asuntos deste tipo; di que en calquera caso, o Grupo Socialista, sabendo ademais o papel e o papelazo que fixo o Partido Popular durante os seus oito anos de goberno en España e tamén a situación fantástica na que deixou ao Estaleiro de Fene canso saíu do goberno, e sen entrar niso, simplemente dicir, que o grupo socialista vai votar en contra da admisión desta moción no Pleno por tres motivos fundamentais: un porque, e non lle sorprende porque o Partido Popular dedícase nesta lexislatura desgraciadamente a facer electoralismo con todo e a facer unha práctica dunha política de terra queimada independentemente da importancia e do respecto ás institucións, non van transixir con iso porque cren que é un tema suficientemente transcendente como para que toda a Corporación camiñe unida e da man na defensa deste asunto; que tampouco van votar a favor da admisión a urxencia desta moción porque o Pleno de Fene tense pronunciado en infinidade de ocasións sobre o parecer a respecto do futuro de Navantia Fene e, finalmente a postura da Corporación por esa urxencia que dicía a voceira do Partido Popular, foille transmitida esta semana ao Vicepresidente da Xunta de Galicia que visitou Fene, que se reuniu con tódolos Concelleiros da oposición, onde estaba tamén a voceira do Partido Popular e onde tódolos grupos lle transmitiron exactamente todo o que pensaban, sobre todo o contido desa moción do Partido Popular, sobre o que Barreras plantexa para Fene, sobre o futuro do estaleiro e sobre tódalas cuestións que cada un considerou necesarias sobre Navantia Fene; di que, polo tanto, un morro impresionante intentar apropiarse dunha iniciativa da Xunta de Galicia para traela a este Pleno, aínda que recoñece que deben ter algo de envexa porque a Xunta de Galicia traballe e faga o que non fixeron os Conselleiros nin os membros do Grupo Popular despois de dezaseis anos no goberno de Galicia. Continúa dicindo que como dicía antes, porque a corporación xa se ten manifestado e porque xa a súa postura lle foi transmitida con urxencia á Xunta de Galicia case nos mesmos termos nos que se plantexa nesa moción, o Grupo Socialista vai en contra da admisión neste pleno da moción que plantexa o Partido Popular.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que por parte de EU non hai ningún inconveniente en que se presente esta moción e votaría a favor e a súa postura é coñecida, e como agora hai eleccións municipais dentro de pouco, hai afirmacións de todo tipo, si esta cousa tiverse algún fundamento, regalar Astano por corenta millóns de euros sería un gran negocia para os amigos que sexan.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que dende o BNG van rexeitar a urxencia que ten esta moción, máis que nada porque é inadmisíble que despois de que hai dous días veu o Vicepresidente a presentar precisamente a este Concello e ademais fixo unha petición expresa de que estivera o maior número posible de concelleiros e concelleiras para explicarlles de primeira man e recoller todas as necesidades que había sobre este proxecto, e non lle parece de recibo que veña agora o Partido Popular cunha emenda, con algo que pediron todos naquel momento, que se mirara que pasaba coa Comunidade Europea; di que neste pleno durante moitísimos anos

votáronse mocións a favor incluso de que a Xunta de Galicia proxectase ou pedira ao goberno amigo que nos liberara do problema de sanción que tiña Astano e ao mellor hai que coller datos da historia e das veces que incluso o Partido Popular se calou ou fixo abstencións ou mutis polo foro para non entrar neses debates, entón vir agora, cunha moción que parece que acaba de ser sacada do forno para poñela aquí vía urxencia para quedar ben, parécelle que é bastante demagogia; que eles cren que ten que ir á comisión pertinente, que se poden incluír máis cousas e o mércores hai unha reunión para tratar este tema e polo tanto, cren que hai tempo de sobra para vir ao Pleno cunha moción pero encabezada por todos se queren, pero deste xeito non a van votar a favor.

Rematado o debate e de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), dos/as señores/as Blanco Pico, Amado López, Malvar Fernández, Fornos Corral e Sánchez Martínez.

Votos en contra: doce (12), dos/as señores/as Rivera Arnosó, González Vizoso, Permuy Martínez, Pico Sanmartín, González Tomé, Martínez González, Couto Seijido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez e Yáñez Fernández.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a urxencia da moción transcrita.

#### **9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 1, do 2 de Xaneiro de 2007 e a número 58, do 29 de Xaneiro de 2007.

#### **10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que quere facer varias preguntas; a primeira pregunta despois de seis meses a vai variar porque tamén é xusto dicir que hoxe pola mañá o Concelleiro de Facenda lles entregou o borrador de orzamentos para o ano 2007, polo tanto, espera que se poidan iniciar a debater canto antes e se poidan traer a pleno canto antes mellor. continúa dicindo que o seguinte punto é un rogo sobre a conexión da zona do Castro de Perlio onde está o local da Terceira idade con Marqués de Figueroa, é un problema dende hai tempo o illamento desta zona, agravado ultimamente pola inhabilitación deste paso que había na zona onde agora estase a construír edificios fronte á praza de Ameneiral en Perlio, e quere rogar que retome a sensibilidade sobre este asunto e que se poña en contacto con Renfe para ver cales serían as necesidades dun paso elevado situado nesa zona e se busque a posibilidade para financeiro. Di que queren trasladar unha pregunta do Consello Escolar do Instituto de Bacharelato de Fene sobre a cesión da parcela lateral que é propiedade do Concello, que hai un proxecto vello para a cesión das parcelas e tanto a dirección do centro como a APA do instituto e a Corporación saben que queren a cesión da parcela lateral para posibilitar a ampliación do instituto, que parece que hai un compromiso firme da Consellería de Educación para financiar esta obra e lle gustaría saber en qué trámite está isto dentro do Concello. Continúa dicindo que outra pregunta, relativa á área de urbanismo é en qué estado se atopa a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal para adecuación ao novo trazado da Rolda Oeste; que tamén teñen dous rogos e unha pregunta que estalle transmitindo os veciños nos últimos meses e sistematicamente referido á axilización dos

trámites administrativos no seu do Concello, parece que hai múltiples licenzas e asuntos pendentes de resolución, por tanto rogan que se axilicen os trámites para que os veciños non teñan que esperar meses para a concesión das súas licenzas, e preguntar se se está a cumprir a lei no que se refire á información á que teñen dereito os cidadáns sobre o estado de execución das licenzas que solicitan e tamén se se cumpre a lei no referido aos prazos de resolución desas licenzas e do outorgamento e negación das mesmas, e , para poder valorar no conxunto da corporación esta situación creada, que cre é importante que afecta a un conxunto importante de veciños do Concello de Fene, e rogar que se lles remita aos membros da Corporación na comisión de Persoal, un informe detallado co número de licenzas que están actualmente pendentes de resolución no Concello co tempo que estas licenzas levan agardando para ser resoltas e tamén o estado no que está cada unha das mesmas. Di que outra pregunta é para cando está previsto reunir a comisión da auga para que avalíen o informe de Aquagest que leva moito tempo pendente de entregar, para poder aplicar a taxa da auga para o 2007 e por último pregunta en canto ao edificio que está anexo á praza do Concello, que se non lembra mal, no proxecto de urbanización e no convenio asinado co promotor no seu momento, aparte da construción do edificio que é o que ao promotor lle interesa, estaba tamén contemplado a urbanización da parte traseira da parcela para anexala a esta praza do Concello e agregala ao que será o futuro parque lineal do Río Cádavo cando estea contemplado e lle gustaría saber se está previsto ou para cando está previsto adecuar a parte de saída deste edificio no que xa os diferentes propietarios levan bastante tempo vivindo nel.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que no tema do paso a nivel na zona, está proxectado un paso soterrado entre as dúas obras de Servando, iso foi o que se presentou no seu día a Renfe, que estase seguindo pouco a pouco e a última reunión en Santiago dixo que estaba remitido á Comisión de Obras a Madrid e que polo tanto sairía en breve; di que de momento é certo que non saíu e se pode mirar que é o que están a facer, pero estase a seguir o tema. Continúa o Sr. Pico Sanmartín dicindo que en canto á modificación puntual da Rolda Oeste-Vilar do Colo, a Xunta de Galicia remitiu un informe pedindo algunhas aclaracións, que están os técnicos con elas e tan pronto as teñan se pasarán para estudialas e remítalas á Xunta de Galicia, di que no tema da reurbanización da APE 50, agora mesmo non pode dicir como está porque é unha obra que non levou, non sabe como está ese convenio e que ten que miralo; que sobre a cesión da parcela ao Instituto pode dicir que se entregou por erro un documento que había no concello que non era toda a parcela e estase mirando, pero ao mellor pode explicar mellor este tema o Concelleiro de Cultura.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. González Tomé quen, unha vez concedido manifesta que sobre a parcela do Instituto, nunha reunión que houbo na Consellería houbo o compromiso de ceder o anaco de terreo que quedaba sen ceder e efectivamente mandouse unha documentación acreditando a cesión da parcela que xa estaba ocupada, entón agora mesmo estase a preparar a documentación para a cesión completa da parcela, que está en marcha toda a documentación para enviala tan pronto como se poida e estea rematada toda a documentación para enviala á Consellería.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que sobre o tema da auga, dicir que cada cousa leva o seu tempo, que hoxe foi entregado o orzamento, pero á par diso, tan pronto se teña o informe de intervención e de técnicos convocarase a comisión da auga; di que sobre o informe detallado de como están as licenzas eso vai traer mais traballo pero no momento que se poida realizar, entregarllo a tódolos grupos na comisión pertinente.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que queren que se lles aclare cómo están nestes momentos as negociacións da terceira fase do Polígono de Vilar do Colo, que cren que é un tema suficientemente importante como para que non se deixe e que se debe insistir dende o goberno municipal; que tamén unha vez mais preguntan, e seguen sen ningún tipo de información acerca das inundacións que se sufriron por parte dos veciños de Fene nestas últimas riadas, como foron en Río Cádavo, e facer chegar unhas queixas duns veciños da finca de Cela que seguen a sufrir inundacións nos baixos, que xa no seu día o seu grupo presentou un escrito para que se tomaran medidas coa auga que entraba nos baixos dos veciños, pero como consecuencia da caída de auga forte nesta temporada, sufriron moitas inundacións, e piden se tome de novo o tema de acondicionamento do parque para que estes veciños non sigan sufrindo máis inundacións, e qué medidas vansen tomar coas sufridas xa no seu día.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que acaba de contestar sobre a modificación puntual da Rolda Oeste na que está incluída Vilar do Colo polo que dificilmente poden premer máis a Sepes mentres non estea aprobado o solo, que son cousas paralelas pero mentres non haxa solo industrial é difícil dicirlle a Sepes que faga a terceira fase do polígono, pero non obstante están a traballar en todo ao mesmo tempo, e que necesariamente non ten por qué ser Sepes quen o faga; di que no tema da finca de Cela xa hai tempo que se lle fixo esta pregunta e en comisión e dixo que non coñecía o tema porque viña de moi vello, que hoxe coñece ben o tema e di que reta a que lle demostre que a auga que entra neses garaxes é culpa da finca de Cela ou do Concello, porque estalle a dar voltas con algo que é certo, que hai unhas obras proxectadas na finca de Cela que se farán cando se poida, pero ese non é motivo para que nun muro de contención dun garaxe entre auga; que en todo caso será responsabilidade de quen fixo o muro se entra a auga a través del, pero non do Concello. Continúa o Sr. Pico Sanmartín dicindo que, en canto ao tema das inundacións na zona do Río Cádavo, sacaron unha liña de subvencións para uns Concellos, que debeu ser para os máis afectados e Fene como moitos outros, non esta incluída nesa liña, e que nunhas xestións que se fixeron na Xunta dixeran que ían sacar outra liña de subvencións para eses outros Concellos pero de momento non a viu, que a documentación de todos os que presentaron reclamacións están aí esperando o seu momento para presentalos con facturas e con todo o que entregaron para presentalo á Xunta no seu momento, pero aínda non saíu esa liña de subvencións; que estase esperando unha visita a Fene do Delegado de Augas que quedou de vir facela, e a idea era entregarlle ese dossier ao Delegado de Augas cando viñera aquí.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que se non hai financiamento por parte de ningún organismo, pregunta se sería posible que respecto daqueles maiores damnificados poidera acometer o Concello de Fene as axudas que están reclamando.

De seguido, pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que él non leva Facenda.

A continuación, pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que viu estes días que a gardería é posible que empece a funcionar no mes de abril, e ve que esá moi cerca, e unha das dificultades que ve é o persoal, e pregunta se hai unhas bases de contratación ou como se vai contratar, porque se non sae rápido ve difícil que se poida cumprir.

Acto seguido, pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido manifesta que as bases de contratación xa saíron esta semana a través do consorcio; que agora falta que fagan unha relación de postos de traballo por cada Concello; que cada Concello terá uns



traballadores e falta por determinar cantos traballadores terá Fene e facer o exame concreto en Fene e que as obras rematan agora en Febreiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e oito minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,  
Alcalde-presidente

A secretaria,

Asdo. Xosé Mª Rivera Arnosó.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.